

Intercambio Escolar con Francia

Curso 2019-20

Durante o curso 2018-19 realizouse unha reunión orientativa con pais e nais de alumnado da materia de francés dos cursos 1º ESO, 2º ESO e do Club de Conversación de Francés (4º ESO) para expoñer un posible intercambio cun centro francés (Collège de Reims), que tiña alumnado destes niveis interesado en facer un intercambio escolar. Tras varios contactos, finalmente o intercambio con ese centro non será posible polo momento, polo que se realizaron xestións con outro centro:

Lycée Borda, en Dax.

Debido ao tipo de alumnado do centro francés, o vindeiro curso **o intercambio realizarase con alumnado de 3º ESO, 4º ESO e 1º de Bacharelato**. A maior parte deste alumnado xa foi informado polas profesoras de francés na aula, pero durante o mes de setembro será todavía posible anotarse para participar no mesmo.



Cursos que poderán participar no intercambio:

- 3º ESO (curso 2019-20)
- 4º ESO (curso 2019-20)
- 1º de Bacharelato (curso 2019-20)

Requisitos:

- Cursar a materia de 2ª lingua francés durante o curso 2019-20
- Comportamento axeitado
- Coincidencias no emparellamento co centro francés (nº de alumnos e alumnas)
- No caso de sobrepassar o número máximo establecerase como prioridade o alumnado do Club de Conversación (2018-19) e a continuación por antigüidade na lista de interesados.
- Abonar o custo do desprazamento e aloxar ao alumnado francés cando veña.
- Podería haber a opción de aloxar a un alumno/a francés na casa pero non viaxar despois ("familia acolledora")

Datas:

O alumnado francés virá a Santiago na semana do 13 de abril (xusto despois de Semana Santa)

O alumnado do IES Antonio Fraguas viaxará a Francia unha semana no 2º trimestre, lonxe das datas de exames (todavía sen concretar). Máis detalles da viaxe (actividades, prezo...) explicaranse nunha reunión a principio de outubro.